

ANEXO TEMA 6. A prosa entre 1936 e 1976: os renovadores da prosa (Fole, Blanco Amor, Cunqueiro e Neira Vilas)

ÍNDICE

1. ÁNXEL FOLE.....	2
<i>Á lus do candil.....</i>	<i>2</i>
<i>Terra Brava.....</i>	<i>3</i>
2. ÁLVARO CUNQUEIRO	5
<i>Merlín e familia</i>	<i>5</i>
<i>Si o vello Simbad volvese ás illas</i>	<i>6</i>
<i>As crónicas do sochantre</i>	<i>7</i>
3. EDUARDO BLANCO AMOR.....	8
<i>Xente ao lonxe</i>	<i>8</i>
4. XOSÉ NEIRA VILAS	10
<i>Remuíños de sombras</i>	<i>10</i>
<i>Memorias dun neno labrego</i>	<i>11</i>
<i>Querido Tomás</i>	<i>12</i>

1. ÁNHEL FOLE

Á lus do candil

Xa faguía unha longa tempada que eu vivía na casa de Abrantes como adeministrador dos señores de Basilie, aló na brava terra do Caurel. Era unha vella torre do século XIV según lle ouvira decir a un dos señoritos, feita cando seus avós dominaban naquela comarca hastra o val do Sil. [...]

Chegaron os señoritos. Viñan a cazar. Traguían con iles un guía e dous rapaces con burros [...]

soamente poideron cazar o primeiro día. Caíu unha gran nevarada. Era polos derradeiros días do castañal.

Xa non poidemos botalo pé fora da torre. Había un silencio de vidro. As voces parecía que tiñan peso...

Ceábamos na cociña. Faguíamos unha gran fogueirada con gavelas de toxos, rachós de carballo e cozas. No cano da cheminea, aulaba o vento coma un lobo. Coas ventalladas viñan grandes folerpas. Probe de quen andivese pola serra!

Alí estaban cos señoritos, Bastián de Quindós, o escribano de Rendar, o Carrozo... Veñan vasos, veñan cafeses, veñan copas. [...]

O Carrozo era o que contaba os contos máis belidos, aínda que todos andivéramos á puxa. Cada noite contaba dous ou tres. Eu coido que os inventaba.

Ó día seguinte eu escribíaos nun cuaderno que tiña na lacena do comedor. ¿Qué importa quen os contara? Cada un falaba según o xeito da súa terra.

As noites de inverno soio son boas pra os trasgos, pra as meigas, pra os lobos... E pra quen escoita contos de medo sentindo rombalo vento.

Á lus do candil. Contos a carón do lume (953)

Vocabulario

- **Gavelas:** feixe pequeno.
- **Rachós:** de racho, anaco de leña cortado para queimar.
- **Cozas:** raíz ou cepeira de certas árbores ou arbustos que se emprega para o lume.
- **Candil:** lámpada portátil de aceite ou gas formada por un recipiente de metal cun gancho para colgalo e que aluma por medio dunha torcida que arde.

Á lus do candil foi unha das primeiras obras publicadas na posguerra. E unha recompilación de 15 contos cunha estrutura común: catro fidalgos e os seus criados contan historias a carón do lume no interior dunha vella torre incomunicada por mor da neve no Courel.

Estes espazos interiores e o tempo de invernía foron fundamentais para o desenvolvemento do conto popular en Galicia. O narrador móstrase simplemente oínte e recompilador ou transcritor destas historias que contan os personaxes (*ao día seguinte eu escribíaos nun cuaderno que tiña... ¿que importa quen os contara?*). Este procedemento de finxir que fai unha transcripción das historias é frecuente na xel Fole e é un tópico na literatura universal.

Terra Brava

“Polo camiño”

En Lugo, polas sete da tarde do día dazaséis de San Xoán, de 1950.

Eu andaba a devalar polas rúas. Cando ía pola da Reina, sentín que me chamaba miña irmá Ramona, que paseaba candia unhas amigas:

-Ai, Gasparo, que tes carta do tío na casa.

Meu tío e padriño Gasparo... Afiguréino na súa casa de Godral, aló no Incio, onde xa estivera dúas veces, ca regadeira na mao, a regar o xardín, despois de vir visitare os seus enfermos na súa besta ou no seu pequeno e vello «peugeot». [...] poucos homes conocín tan falangueiros. Era viúdo e sen fillos. Andaría polos cincuenta e catro anos.

En chegando á casa púxenme a ler a carta, escrita en letra grande [...]: «teu pai é de conformidade de que veñas proparar eiquí isas oposiciós a cátedras de Literatura...»

Tres días despóis saíamos de Lugo polas doce da mañá, no vello «peugeot».

-Xantaremos en Sarria, rapaz... Xa está ben marelo o centeo. c

-O noso labrego, en xeral, vive mal, especialmente o labrego montañés. O manturio é de mala calidade, pouco vareado, malsano. O touciño con castañas, poño por caso, é para iles un gran prato. Patacas, verzas, pan mouro, carne de porco; froita ruína, poucos legumes... O pescado nin velo. Gracias ó leite, ós ovos ó mel. En case todas as casas venden xamós... Moito artritismo, moito galoxo, moita avitaminosis. Saímos de Sarria pola tardiña baixa.

Cando estabamos a poñer o pé no coche, apareceu unha rapaza de moi bon ver que saudou ó padriño.

—É a María Rosa... O caso dista rapaza é dos máis curiosos que me pasaron no tempo que levo eiquí de médico... Acórdame de que cho conte na casa despóis de cear... cada noite contaréche un conto, coma ós nenos. Empezaréi por ise hoxe.

Vocabulario

- **Devalar:** no texto, camiñar amodiño.
- **Manturio:** en sentido literal, alimento dos animais. En sentido figurado, ironicamente, alimento das persoas.
- **Galoxo:** por bocio, hipertrofia da glándula tiroide que se manifesta nun avultamento na gorxa.
- **Avitaminosis:** por avitaminose, estado enfermizo producido pola ausencia ou escaseza de vitaminas.

A obra contén unha interesante descrición realista da vida do labrego na alta montaña, os seus problemas e as súas miserias, Este fragmento xa nos adianta unha parte (*o noso labrego vive mal/ o manturio é de mala calidade, o pescado nin velo. Moito artritismo, moito galoxo, moita avitaminosis*).

Esta vida da montaña é vista e coñecida a través dos ollos dun mozo chamado Gasparo que acode á casa do seu tío médico que traballa e habita no Incio, crítico coa vida do campo e gran coñecedor da literatura popular desa zona. Este Gasparo, «autor» da obra, finxe transcribir as historias grazas a un manuscrito do seu tío que atopa na súa biblioteca.

2. ÁLVARO CUNQUEIRO

Merlín e familia

Tal e como agora eu vou, vello i anugallado, perdido cos anos o lentor da moza fantasía, pónseme por veces no maxín que aqués días por mín pasados na frol da mocidá, na antiga e longa selva de Esmelle, son soio unha mentira, que por ter sido tan contada e tan matinada na memoria miña coido eu, o mintireiro, que en verdade aqués días pasaron por mín, i aínda me labraron soños e inqedanzas tales xeiras, como unha afiada tríncha nas máns dun vago e fantástico carpinteiro. Verdade ou mentira, aqués anos da vida ou da imaxinación foron enchendo cos seus fíos o fuso do meu espírito, i agora podo tecer o pano distas historias, novelo a novelo. Cando de obra de nove anos cumpridos por Páscoa, coa pucha na mán, acheguéime á porta de mi amo Merlín, quén diría que ma iban encher, a pucha nova, das máis misteriosas maxias, engados, trasegos, inventos, tendollos e feitizos? Nunca galano coma iste, digo eu, lle foi feito a un rapaz, e como dun corno maravilloso, eu tiro fita tras fita, conto tras conto, e cos meus propios ollos miro pasar toda aquela troupada profana que a Merlín acudía i aos sete saberes: en Merlín amecíanse, tal as liñas dun xastre invisibret tódolos camiños do trasmundo. Il o mestre, facía o nó que lle pedían. Xa o veredes.

Merlín e familia

Vocabulario

- **Tríncha:** ferramenta de carpinteiro que serve para desbastar a madeira. Trencha.
- **Fuso:** sentido literal de instrumento no que se vai debandando o fío que se fía na roca.
- **Novelo:** por nobelo, bóla de fío enrolado ordenadamente.
- **Galano:** obsequio que se fai a unha persoa. Agasa\lo.
- **Fita:** sentido literal de tecido estreito e longo.
- **Amecíanse:** de amecer(se), unir dúas cousas xuntándoas polos extremos.

O narrador, Felipe de Amancia, criado de Merlín, narra, retrospectivamente, a vida transcorrida na mocidade na casa de Merlín. Distánciase, polo tanto, do tempo e do espazo centrais da novela e consola a súa vellez cos recordos máxicos da súa xuventude, recordos que xa non sabe se pertencen á realidade ou á fantasía (*eu, o mintireiro / verdade ou mentira, aqués anos da vida ou da imaxinación...*). Isto provoca no lector unha certa ambigüidade sobre a veracidade dos feitos que vai narrar.

Si o vello Simbad volveuse ás illas

O peixe-papagaio pesqueino eu mesmo a dezasete légoas de Columbo. É peixe de fondos, pro as femias saen mudas, i ós máis diles non lles ten chiste procrear calado aló embaixo, e deixan ista laboura ós machos que nacen mudos, ou tatexos ou tácitos, que hai de todo como nas familias, i os parlantes ruben á tona do mar, i andan cabo das naos, e non se pescan porque escoitan todo o que falan os mariñeiros. O falar deles é a cousa de máis chiste que hai, porque fan coa súa boca, que ten beiziños colorados, unhas vexigas de áer, e mándanas fóra da auga, i ó saír estoupan e verquen a verba que levan dentro, e non dicen en cada vexiga máis que dúas sílabas, i así si a palabra ten tres ou catro, hai que adeiviñar o que falta. Dicen «andu» por anduriña, e «figue» por figueiredo i a língua súa é sempre arábigo letrado.

—¿Abofellas dicen «andu» e «figue», meu señor? —perguntaba Abdalá, botando por derriba da cachola a falda da chilaba, que comezaba a chover mansiño i o cego era mui mirado en non coller catarros, que o enxordaban e deixaban tirado polo mundo.

—¡E «abda» en vez de Abdalá! O Mirán de Moara tenlle o seu máis de aprecio por xogar coas súas mulleres a quen saque máis axiña o parrafeo vexigado do peixe-papagaio.

Si o vello Sinbad volveuse ás illas

Vocabulario

- **Ruben:** por soben
- **Tona:** superficie dun líquido ou do mar

Historia fantástica que Sinbad lle conta ao seu bo amigo Abdalá sobre o peixepapagaio. A inocencia deste rapaz fai que crea esta historia, por outra parte verosímil (*pesqueino eu mesmo; o Mirán de Moara tenlle o seu máis de aprecio por xogar... a quen saque máis axiña o parrafeo*). Sinbad vive coa ilusión de facerse de novo ao mar e cre que o farfistán de Basora ten preparada unha nao para el, chamada «Venadita». Cando Sinbad descobre que non existe tal nao, de súpeto cega e négase a admitir a realidade. Refúxiase daquela no mundo dos soños. Esta é unha das múltiples historias que Sinbad relata, recreando aventuras mariñeiras do pasado, xa que no seu presente nin pode volver ao mar nin pode ser heroe.

As crónicas do sochantre

Compre —dixo Coulaincourt—, pousando unha longa man osenta e marela na caixa do bombardino, que nos coñezades a todos, e porque vexo nos vosos 0110s, señor sochantre, tanta sorpresa como medo, que seña de réprobos, pantasmas, aforcados e sombras, é un batallón de xente pacífica. A vosa esquerda levades a unha muller mui fermosa, madame Clarina de Saint- Vaast [...] Diante, ahí tendes ao aforcado escribano de ne, que inda ten no pescozo o sinal da corda. [...] Este outro sempre calado e co parche no ollo, é o médico Sabat, o enveliñador das fontes de Roma. ¿E quen tabatexa os dentes na sombra?, preguntaredes. ¿Quen ocupa ese asento que somella baleiro? Pois ese asento leva a sombra de Guy Parbleu. Engadídeme a min, Coulaincourt de Bayeux, morto hai doce anos, e son o morto máis novo de toda esta familia, no patio de Sedán, e a Mamers o Coxo, tamén aforcado en Croisic, e xa tendes a nómina dos parentes do fidalgo de Quelven, a cuio enterro acoden [...]

O sochantre apretóu contra o seu peito a caixa do bombardino, coma poñendo sober do seu temeroso corazón unha couraza. Ou non entendera ben, e sendo como era pantástico e novelador solitario de seu tiña muito adiantado pra adepresar calquera historia, ou viaxaba con unha compañía de mortos. [...]

¿E que viñan facer aqués mortos condeados a Quelvec, ao enterro do fidalgo? ¿E que lle querían a el ao pobre sochantre da Colexial de Pontivy, sempre atecendo de frío, sempre aloumiñando soños que nunca se cumprían, tocando o seu bombardino nos enterros e no coro? [...]

«A carroza», en As crónicas do sochantre

Vocabulario

- **Bombardino:** instrumento musical de vento, de metal, provisto de embocadura e pistóns e con perforación cónica.
- **Sochantre:** cóengo que substitúe o chantre na dirección do coro nos oficios relixiosos.

Narración dirixida ao sochantre na que Coulaincourt presenta a comitiva de mortos que viaxan na carroza para acudir ao funeral dun fidalgo en Quelven. Todos eles son personaxes mortos que se comportan coma se tivesen vida. O narrador principal caracteriza o sochantre como unha persoa que alimenta de soños e fantasías a vida solitaria (*sendo como era pantástico e novelador solitario; sempre aloumiñando soños*) caracterización que se repite nos personaxes protagonistas das obras narrativas de Cunqueiro. As crónicas do sochantre estrutúranse en tres partes: «A carroza», que presenta a viaxe do sochantre da catedral de Pontivy a Quelven, na compañía de cinco personaxes máis; «As historias» relátannos os acontecementos que motivan o deambular destes cinco personaxes polo mundo como ánimas errantes; «Os viaxes» describen o percorrido destes defuntos por terras bretoas. A obra remata co regreso do sochantre a Pontivy, onde colleu fama de esmorgante ao ocupar o seu lugar e a súa figura Mamers o Coxo, que finxiu sero verdadeiro sochantre.

3. EDUARDO BLANCO AMOR

Xente ao lonxe

Con todo e que en A. non se salvaba ningún de calquera cousa que lie botar a O caso é quizais a única chata que se lle puña aos meus pais, era o non iren á eirexa e o andaren nas cousas dos socialistas e do Centro de Sociedades Obreras. Moitos non podían entender como de tan bos modules dentro da artesá, e tan respetuosos e serviciais para todo o mundo, fose quen Tose e pensase como pensase' poidesen andar naquiles rebumbios nos que se misturaban Adolfo o Charomba, o médico Baraclót' o latoeiro Mauro O avogado Quero, os mestres Sas, donos dun colexio para o señorío; Quintín o ebanista; afilla do capataz da Fundición Lucía do Quirino, que noustante ser o seu pai da Adoración Nocturna e gran vela en todas as procesións, o denanterior primeiro de maio a Lucía levara afermosa bandeira do gremio dos canteiros que acababan de perder afolga dos catro meses (*nove feridos, sete presos, canta fame sandiós, anque moitos traballadores diran, durante toda a folga, meio xornal á semán*);

a Lucía, que sendo como era, costureira de luxo, a millor da cidade, fóraselle a parroquia dun día para Outro e algunhas mandáranlle pedir a roupa sin rematar,

nin que a bandeira dos canteiros, como dicía o Mosquera, estivera inzada de piollos; o pai caítl doente do disgusto unha chea de dias, que escándalo [...]

Xente ao lonxe, 1973

Xente ao lonxe é a historia da familia Vilar, desde o nacemento do fillo mós pequeno até o encerro do pai -Aser Vilar- no cárcere por tuor dos seus ideais. Tratada dunha maneira realista, vén sendo a radiografía do Ourense principios de século centrada no movemento da clase obreira e sindical que loita por melloras laborais e salariais ou por unha escola laica e popular fronte á escola relixiosa. Como en A Esmorga, nesta novela Ourense ou (Auria) elévase a coprotagonista ao lado do narrador principal, Suso, un dos fillos de Aser Vilan Neste texto semos algunhas das características desta novela:

- **Narración predominante en primeira persoa:** o narrador é un mociño chamado Suso Vilar que nos transmite visión que el ten do mundo, cn especial do conxunto da sociedade. A parte de nos contar a súa historia retrata valores colectivos da sociedade de principios de século.
- **Descrición realista e crítica coas clases sociais:** unha colectividade que loita polos seus dereitos de clase traballadora uníndose en asembleas (*andaren nas cousas dos socialistas e do centro de Sociedades Obreras*), organizando mitins e folgas en datas significativas como o 1 de Maio (*nove feridos, sete presos, canta fame...*); e outra masa social ampla, cunha ideoloxía cerrada, de dereitas e provinciana que se encarga de criticar estoutas clases sociais (*en A. non se salvaba ningún; a única chata que se lle puña aos meus pais era o non iren á eirexa e o andaren nas cousas dos socialistas*). Tanto é así que os rexeitan como

persoas e como traballadores por participar na folga e reivindicar os dereitos do gremio dos canteiros (*a Lucía, costureira de luxo, fóraselle a parroquia dun día para outro e algunhas mandáranlle a pedir a roupa sin rematar*).

- **Importancia do papel da muller:** Lucía, comprometida e solidaria, crítica e rebelde (*Lucía levará a fermosa deita do gremio dos canteiros que acababan de perder a folga*) e, como consecuencia, marxinada e discriminada polos seus veciños (*costureira de luxo fóraselle a parroquia dun día para outro*). Este mesmo papel e esta mesma caracterización ten Evanxelina, a irmá de Suso Vilar.
- En *Xente ao lonxe* destaca o **multiperspectivismo**, xa que a historia de A. e dos seus traballadores é enfocada non unicamente desde o punto de vista deste rapaciño, senón que tamén a coñecemos a través doutros res que son: a irmá de Suso, Evanxelina, un compañeiro de escola ceste e o propio autor. Todos eles ofrecen perspectivas distintas de A.

4. XOSÉ NEIRA VILAS

Remuíños de sombras

-Meus:

Vai a primeira carta. A primeira sen contar a que foi dende Vigo. Iarael algo en escaravellala ando a vivir un remuíño de cousas neste Bos Aires que vou aprendendo pouco a pouco: nesta vila sen

¿Por onde empezar? Verei. Un chisco amolada a viaxe no barco. Eramos mil douscentos, amoreados fondo. Dezasete días arrolándonos sobre da auga. Pero o Santa Fe chegou. E nós con el. No porto meu tío Adolfo. Coñecino de seguida polo retrato que nos tiña mandado.

—¡Ai, rapaz! No meu tempo si que a era. Tempos ben amolados. Cheguei a Bos Aires hai preto de anos. Paseinas a treu. Pero, como di o outro, non habendo morte, non hai mala sorte. Vou indo. Só pre, e agora de vello, máis só ca nunca. Non me casei por non botar nos ombreiros unha canga. Muller e naqueles anos, con xornal maimiño e traballo incerto, non canxaban na conta de quen cavilase. E para roemento de conciencia preferín aturar sen compañía tódalas angueiras. O boi só ben se lambe, ¿non si?

Inda era un neno cando cheguei a Bos Aires. Once anos. Viña con meus pais e con dúas irmás pequechas Tiven que traballar de seguida. Non había outro camiño. Fun dar a un almacén cativo. O dono era de Coma en tódolos almacéns, tiñamos dezaseis horas de traballo diario. Un trafego escravo, sucio, mal pagado. Non había para min domingos nin días feirados. [...]

As veces, Dorinda, dáslle voltas no maxín a esa palabra, escríbela no pensamento, cun A do grandor dos teus soños, e dila pouco a pouco: A-mé-ri-ca [...] Espertas. Tes por diante outro día, con pantrigo e zapatos iso si, un día sen lama pero tamén sen grilos, sen carreiros florecidos, nin sol. Trafegas arreo nese tobo, Tal foi o choio. E xa caeches ben na conta: es a criada da túa curmá. Tal foi o choio que ela fixo arrincándote da aldea. Cavilas niso día e noite. Trouxéronte para ter na casa alguén de confianza, que traballase case por nada tódalas horas, tódolos instantes, sen revirarse, sen dar chío, humildosa e agradecida para sempre polo recibido... Agora xa sabes que nun tempo houbo aquí moitas criadas galegas. Díxocho unha veciña, explotadas e burladas de tódolos xeitos. [...]

Vocabulario

- **A treu:** expresión que significa 'de calquera maneira
- **Canga:** armazón de madeira que se pon no pescozo do animal para xunguilo ao carro e tirar por este.
- **Xornal:** refírese á cantidade de diñeiro que se remunera por día.
- **Maimiño:** cativo, de pouca importancia.

- **Canxaban:** conciliar, facer compatibles ideas, caracteres etc.
- **Pantrigo:** pan feito con fariña de trigo, moi apreciado na posguerra.
- **Tobo:** cova ou reíxio debaixo da terra onde habita un animal.

As características máis salientables de *Remuíño de sombras* son as seguintes:

- **Técnica narrativa de collage e protagonismo colectivo. Multiperspectivismo** coa finalidade de proporcionamos visión ampla da emigración, desde todos os ángulos, aínda que predomina a do home explotado ue traballa arreo sen conseguir nada, e que polo tanto se ve imposibilitado a regresar á súa terra.
- **Linguaxe enxebre con grande riqueza na fraseoloxía galega:** *Paseinas a treu; non habendo morte, non hai mala sorte; Vou indo; O boi só ben se lambe, ¿non si?*

Memorias dun neno labrego

EU SON...

Balbino. Un rapaz da aldea. Coma quen cli, un ninguén. E ademais, pobre. Porque da aldea tamén é Manolito, e non hai quen lle tusa, a pesares do que lle aconteceu por causa rnlña.

No verán ando descalzo. O pó quente dos camiños faime alancar. Magóanme as areas e nunca falta algunha brocha para espetáreme nos pés. Érgome con noite pecha, ás dúas ou tres da mañá, para ir co gancho, restrebar ou xuntar monllos. Cando amanece xa me doi o lombo e as pernas. Pero o día comenza. Sede, sol, moxardos.

No inverno, frío. Ganas de estar arreo ó pé do lume. Muíños apeados. Faladurías de neves e lobos. Os bracomos espeteiras para encolgar farrapos. Murnas, fridas nos dedos sen tentos. ¡Que saben desto os nenos da vila!

Eles ignoran o que eu penso mentras boto ó corpo un gurrucho de caldo con broa. Ou o que sinto cando estou no monte pingando, aterecido, vendo por entre a chuvia unha fantasma bretemosa en cada árbore.

A aldea é unha mestura de lama e fume, onde os cans ouvean e a xente morre «cando está de Deus», como di a madriña. Os rapaces somos tristes. Enredamos, corremos tras dos foguetes e ata rimos, pero somos tristes. Temos a pobreza e os trafegos da terra aniñados nos ollos.

Eu quixera andar polo mundo. Ir por mares e terras que non coñezo. Nacín e crieime na aldea pero agora síntoa pequena, estreita. Coma se vivise nun cortizo. Teño pensamentos que non lle podo contar a ninguén. Algúns non me entenderían e outros chamaríanme tolo. Por eso escribo. [...] Ogallá que non me atopen o caderno. Daríame vergoña. E non é para menos. Porque nel devorco todo o que sinto.

Xosé Neira Vilas: *Memorias dun neno labrego*

Vocabulario

- **Alancar:** avanzar con rapidez a grandes pasos.
- **Brocha:** chatola grande, de cabeza convexa, que se emprega para reforzar as zocas.
- **Restrebar:** labrar a terra que estivo sementada a cereais.
- **Moxardos:** por moscardos, insecto semellante á mosca, máis peludo e de maior tamaño que zoa moito ao voar.
- **Apeados:** coa panca freada e polo tanto co muíño parado. O verbo apeaar é subir ou baixar a moa do muíño por medio do apeadoiro (panca que pon en marcha ou cletén o muíño).
- **Espeteiras:** táboa ou andel con espetos ou puntas para pendurar panos neles.
- **Murnas:** mancha vermella na pel producida por estar moi próximos ao lume.
- **Fridas:** por feridas.
- **Gurrucho:** cantidade de líquido que se bebe clunha vez.
- **Broa:** por boroa, pan de fariña de millo.
- **Devorco:** por envorco, do verbo envorcar, significa baleirar, neste caso o pensamento e as ideas.

Balbino é un neno rebelde que se nega a aceptar a estrutura social na que el está inmerso. Como fillo de caseiros que é vive na miseria, é pobre, pasa fame, frío, sofre castigos tanto por parte dos pais como por mor da servidume ao amo e por mor das inxustizas sociais. A través deste neno, Neira Vilas fai unha crítica ás condicións en que se vivía no rural na década dos 50 e a comezos dos 60.

Querido Tomás

Coma sempre, alí estaba el, ó pé do coche de liña, benchegada, Sara, e eu qué tal rapaz, pero cando me poño á súa beira véxolle a testa e as fazulas queimadas polo sol, e no tento percibo que as suas maos áchanse nun puro talo, coiro de sapo, rixas como pedras, e vou sabendo que axustou un anaco de monte para anovar el bourando erguendo un legón de non sei cantas libras, abrindo a codia dunha zanca virxe de seis ferrados l o duro trafegar de Tomás e de tantos, que talvez por eso acaban deixando este país de caldo e lama.

Quería ir ás festas con tringueleo no bulso, e mercar libros e ser dono dunha bicicleta con dinamo e luz para apedalar de noite, e unha gabardina das que puxeron de moda na aldea os que tiñan aproveitado un algo o andacio do volfram. Tantas cousas tentara... meteu esforzo e abelencia nunha carrada de trollos e angazos de pau que tivo que vender case polo custe na feira do San Marcos; andivo de canteiro, amasando

cargando pedra, aturando sabañóns no inverno dende o altorelo das estadas; foi tamén unhas semáns á tellei_ ra, peón mal pagado dunhos homes que chegaron da Guardia, e non puido aturar o calor daquel inferno, daquelas fornadas nas que se cocía xunto coas tellas e cos ladrillos. De todo fixo pra recadar algo, pra gañar unhas fuxidías pesetas, e comentaba sorrindo, probe do probe, que por todas pasara e que sóo lle faltaba ser capador e fogueteiro.

E eu non sei, coitado, o que faría dempoís no Brasil, se chegou a facer algo e a poñer tan siquera o pé naquela terra inmensa, pois ninguén sabe, ninguén deu razón del, mentras a cova do tempo vaino afundindo máis e máis, e foi quedando no esquizo de parentes e veciños.

Inda recordo aquela tempada que lle deron tráfego nos camións, primeiro viguetas, palancas, travesas de carballo [...] O máis amolado foi cando lle tocou a rolda á casca do tanino. Xornaleiros traguidos de non sei onde, esfolaron os carballos a toda a comarca; despiron a navallazos, ferindo e tallando dende o chao ó curuto, aquela pel endureda a por de xiadas e ventimperios, e a carballeira vai quedando núa [...] Tomás andivo rubindo cen, duascenas veces... para valdeirar as cestas acuguladas de casca. [...]

E aquí van quedando os eivados e os vellos e os que non teñen ambición de trunfos nin pretenden veciño co fachendeo de automóbile e casa con sebe de ferro polas beiras; quedan os nenos, que andan a matinar vieiros e cando as azas lles medren —é un falar— collerán a maleta e abur Lola, comosedi o andacio baixa de pais a fillos polo regueiriño do sangue coma unha doenza sin remedio. Casas terras cobertas de xaramagos, e eso é o que vai quedando, amáis das mulleres sin home e dos nenos sen pai.

Xosé Neira Vilas: *Querido Tomás*

Vocabulario

- **Anovar:** Ir a segar un noote en terreo cultivable.
- **Bourando:** do verbo bourar, golpear cun pau ou coas mans.
- **Legón:** aixada ou sacho grande.
- **Ferrados:** nredida de superficie que pode ir, segundlo as zonas, de catro a seis áreas.
- **Tringueleo:** por trenqueleo, do verbo trenquelear, facer ruído unha cousa ao se mover. Neste contexto, o diñeiro en nredas.
- **Trollos:** especie de angazo ou rodo que se emprega para achanzar a terras
- **Estadas:** estrutura provisional de madeira ou metal que serve para andar por ela a certa altura, especialmente nos traballos de construción.
- **Casca:** cobertura externa e dura, neste caso dos carballos.

- **Tanino:** substancia astrinxente que se encontra na casca dos carballos e que se emprega para curtir peles e fabricar tinta.
- **Sebe:** valo que cerca un terreo ou unha propiedade.
- **Azas:** por ás.
- **Xaramagos:** por saramagos, herba silvestre de flores amarelas ou avermelladas en espiga moi común entre os cultivos.

- Confesións en primeira persoa por parte de Sara, quen simboliza a fidelidade á terra natal.
- Técnica do fluír da conciencia no seu proceso de rememoración do pasado (liñas 1-4).
- Ruptura temporal rexistrada pola axente narradora.
- Redución temporal a 1 mes.
- Símbolo do río= fluír imparable da vida.